

BANDO

DON JOSÉ A. EIRAS PAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Deputación Provincial de Pontevedra convoca a concesión de prazas para participar no "**PROGRAMA SAÚDE E BENESTAR 2010**".

O desenvolvemento do Programa consiste en pasar 6 días con 5 noites durante os meses de FEBREIRO, MARZO, ABRIL (excetuando Semana Santa) e MAIO, nun hotel con spa ou balneario da provincia de Pontevedra en réxime de pensión completa.

PREZO DO PROGRAMA:

- * **HOTEL SPA OCA KATIUSKA DE SILLEDA**. Custo Usuario: 150€
- * **HOTEL SPA OCA GALATEA DE SANXENXO**. Custo Usuario: 169€
- * **HOTEL TALASO SPA DE MOAÑA**. Custo Usuario: 163€
- * **HOTEL TALASO ATLÁNTICO DE OIA**. Custo Usuario: 169€
- * **HOTEL NORAT MARINA DE SANXENXO**. Custo Usuario: 150€

REQUISITOS:

- Persoas de 50 ou máis anos.
- Pensionistas.
- Situacións de respiro familiar.
- Non padecer enfermidade incompatible coa actividade do programa.
- Ter total autonomía para participar no mesmo.

As solicitudes, deberán ir acompañadas:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia certificado de pensionista.

- **PRAZO DE ENTREGA** ata o día **25 DE FEBREIRO DE 2010, NO REXISTRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

NOTA: As prazas adxudicaranse por orde de entrada no rexistro xeral da Deputación Provincial.

Para máis información poden dirixirse ó Servizo Social Comunitario do Concello, os días de atención ó público, luns, martes e xoves de 9 a 13 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Moraña, 26 de xaneiro de 2010.
O ALCALDE

Asdo. JOSÉ A. EIRAS PAZ.